




teatro tarumba

presenta

DON JUAN

67294



ESCRITA
e DIRIGIDA
por **TITO**
ASOREY





O grupo de **teatro tarumba** foi creado na Universidade Laboral de Ourense a finais dos anos 80 por Ánxeles Cuña Bóveda, cando o anterior grupo escolar do instituto, Sarabela Teatro, decidiu comezar a súa andaina de xeito independente. Teatro Tarumba recolleu a testemuña para converterse no espazo extraescolar onde mozas e mozos pudiesen atopar un xeito de expresar e poñer enriba das táboas as súas inquedanzas dramáticas. Dende o seu comezo ata o ano 1999, a dirección recaeu na propia Ánxeles Cuña, para pasar no ano 2000 a mans do seu actual director, **Tito Asorey**, ex alumno de “Tarumba” e actor de “Sarabela Teatro”. Dende os seus inicios o grupo converteuse nun forno de experimentación para a creación dun teatro feito por e para a xuventude, e leváronse a cabo escenificacións tanto de autores clásicos (Lorca, Shakespeare), como de autores contemporáneos (Queneau, Woody Allen) e ata dramaturxias propias realizadas polo seu actual director. No ano 2007 recibiu o Premio de Teatro Nacional “Buero” coa montaxe “Remanente#1”, feito que se repetiu ao ano seguinte, séndolle outorgado ao espectáculo “Mort” o mesmo premio, así como o Premio á Mellor Dirección, Escenografía e Actriz Principal. Estes premios déronnos a posibilidade de mostrar o noso traballo no Teatro María Guerrero de Madrid, sendo a única compañía de teatro galega que puido mostrar o seu traballo no Centro Dramático Nacional no noso idioma. Dende o ano 2009 o Grupo constitúese como grupo independente do centro escolar, integrándose como parte da Asociación Cultural “Autómata Teatro”.

Dirixidas por Ánxeles Cuña:

- 1992 “Soño dunha Noite de Verán”, de William Shakespeare.
- 1993 “Leoncio e Lena”, de Georg Büchner
- 1994 “O Maleficio da Bolboreta”, de Federico García Lorca
- 1995 “Exercicios de Estilo”, de Raymond Queneau
- “Oleanna”, de David Mamet
- 1996 “Así que pasen cinco anos”, de Federico García Lorca
- 1999 “A Pelo” Creación colectiva

Dirixidas por Tito Asorey:

- 2000 “Morrer”, de Sergi Belbel (co-dirixida con Nate Borrajo)
- 2001 “Hércules e a corte de Auxias”, de Friedrich Dürrenmatt
- 2002 “Deus”, de Woody Allen
- 2003 “Touporroutou da Lúa e do Sol”, de Roberto Vidal Bolaño
- 2004 “Os títeres do fungueirazo”, de Federico García Lorca
- 2005 “Ubú Rei”, de Alfred Jarry
- 2006 “Remanente #1”, de Tito Asorey, sobre a novela de Fernando Lalana
- 2007 “Mort”, de Tito Asorey e Nate Borrajo
sobre a novela de Terry Pratchett
- 2008 “PCH2”, de Tito Asorey e Nate Borrajo
- 2009 “DON JUAN”, dramaturxia de Tito Asorey sobre varios autores



PREMIOS

2003

1º Premio de Normalización Lingüística “Entre Nós, en galego”

2007

1º Premio Nacional “Bueno”

Premio Nacional “Bueno” á mellor dirección

Premio Autonómico “Bueno” á mellor escenografía

2008

1º Premio Nacional “Bueno”

Premio Nacional “Bueno” á mellor dirección,
escenografía e actriz principal

Premio da 2ª Mostra Non Profesional do Miño

ELECCIÓN DO TEXTO

Despois de varios anos realizando dramaturxias de textos contemporáneos, dende a dirección de **Teatro Tarumba plantexouse** a posibilidade de levar a cabo a posta en escena dunha obra clásica aproveitando a experiencia que os integrantes do grupo tiñan adquirido ao longo da súa asistencia durante dous anos consecutivos ao Festival de Teatro Clásico de Almagro. **O feito de decidirnos** pola figura de **Don Juan foi produto** da necesidade de apaixonar ao **elenco cun personaxe potente**, que conectase **coa súa xuventude**, que simbolizase plenamente **esa forza rebelde** capaz de quebrantar todas as normas establecidas para dar renda solta á súa vontade. **É precisamente esa característica** do mito **a que primamos na nosa** versión, que parte do texto de Molière, **recibe aportacións** de clásicos como **Zorrilla, Albert Camus, Montherlant, Dietrich Grabbe, Lord Byron ou Pushkin, pero bebe** tamén de dramaturxias máis contemporáneas, autorías de **Rodrigo García ou Sarah Kane**.


Así, o reto é dobre: por unha banda, achegar o teatro de ton **máis clásico ao público coa finalidade** de **espertar a súa curiosidade**. Por outra, facelos experimentar a investigación, a análise e o posible cuestionamento dende a perspectiva contemporánea a través da fusión de ambas cousas.



DON JUAN

TEMAS

Construímos o noso espectáculo baseándonos na premisa consistente en que “o único xeito de revisar un mito e mediante a confrontación con el”. A obra non trata tanto de “contar” a historia das falcatuadas e posterior caída de Don Juan, senón de enfrontarnos, dende a nosa visión actual das cousas, con dito mito. Non pretendemos facer unha crítica do mesmo, senón plantexar ao espectador a posibilidade de que no mundo actual exista un home coa capacidade de ser leal ao seu nome, á súa esencia, aos seus principios éticos e estéticos ata o final, sen se arrepentir xamais dos seus actos. Un home que vive con paixón, nun presente perpetuo, sen lembrar o pasado nin pensar no futuro. É entón cando xorden diversas preguntas de interese tales como: Que queda de Don Juan hoxe? Ten algo positivo o mito? Como foi cambiando ao longo das distintas épocas?





Ao comezo da peza, os actores van chegando a pouco. Ocupan os seus **postos e saúdanse** reais porque son rapaces que **se dispoñen** a interpretar un papel. Non son “os personaxes”, **senón** un papel”. Este inicio **marcará as diferen-** escénicas da montaxe, na **que os actores** interpretar o seu papel a **analizar a obra** que eles a realizar, empregando **para ilo** propios do **“distanciamento”** estética, e no **noso afán por** decidimos **presentar unha estética** ese afán de **liberdade e vontade de** coa rebeldía **xuvenil anti-sistema** ao escenario pouco **cos seus** nomes a interpretar un **“actores** que fan **tes** propostas **pasarán** de **mesmos** están **mecanismos** No relativo á **fondo e forma,** de maneira que **Juan** conectase **finais** dos anos 70 en Inglaterra. A obra ten o ritmo trepidante propio dese estilo musical, para o que empregamos música en directo (batería, guitarra eléctrica, guitarra acústica, violoncelo) e unha posta en escena dinámica, con xogos escénicos constantese rápidos cambios de escenografía (que consta de dous andamios provistos de rodas).

SINOPSE

A nosa historia comeza no momento en que Doña Inés atopa a Don Juan despois de telo buscado durante días xa que, unha vez este conseguiu os seus favores, desaparece usen deixar rastro. Doña Inés, lonxe de ser a “muller virxinal e desprotexida” das obras clásicas, convértese na nosa versión nunha muller moderna, forte e capaz de enfrontarse a Don Juan. O encontró remata coa promesa de que ela vingará o desprezo que lle causou. El non se preocupa por ilo e continúa a súa vida centrándose no achegamento a unha nova muller que encheu o seu corazón novamente. A vinganza non tardará en chegar da man dos irmáns de Doña Inés e da estatua do seu defunto pai.

O protagonista, no último instante, terá oportunidade de arrepentirse, esquecendo así o que el é , o seu nome e a súa esencia, para acollerse á tradición e ó estatismo. Finalmente, decidimos que Don Juan merecía un remate “feliz” que non pasa precisamente polo arrepentimento, senón máis ben por ser leal ás súas conviccións – aínda que estas puidesen resultar equivocadas ou sumamente heterodoxas-.



Reparto:

Reparto artístico e técnico:

Elenco actoral

DON JUAN: Chechu Salgado

AMIGOS DE DON JUAN: Santiago Cuquejo, Andrés González,
Manuel Pascual, Pablo Rivas,

DONA INÉS: Antea Rodríguez

AMIGA DE DONA INÉS: Yasmine Docarmo

IR MANS DE DONA INÉS: Raquel Álvarez, Alejandro Lorenzo

PARELLA EN CRISE: Tamara Urbano, Sergio Puga

NENA DO DOMUND: Noelia Quintana

CORO: Alba Fernández, Elena González, Sonia González,
Noelia Quintana, Susana Rodríguez, Tamara Urbano, Sergio Puga

MÚSICA:

Batería: Gabriel Cima "Rubio"

Guitarra Eléctrica e acústica: Santiago Cuquejo


Violoncelo: Antea Rodríguez

Escenografía: Alberto Bahón

Vestuario: Galicia Gutiérrez "Gali"

Axudante de Dirección: Melania Pérez Cruz

Iluminación, Dramaturxia e Dirección: Tito Asorey





DITRIBUCIÓN:

autómata
TEATRO

Contacto: Tito Asorey

titoasorey@hotmail.com

Barrocás, 16 7º D- CP: 32005 Ourense

Tlf: 639844226. 988240804